

Violencias de onte e de hoxe. A representación das violencias de xénero na prensa do século XIX¹

María Xesús Lama López e Elena Losada Soler
UNIVERSITAT DE BARCELONA
lama@ub.edu; losada@ub.edu

(recibido outubro /2022, aceptado decembro/2022)

Os estudos sobre violencia, deixando a parte os que proceden da psicoloxía e da psiquiatría, prodúcense habitualmente desde as ciencias humanas, que os enfocaron segundo os discursos que lles son propios. Raramente se abordaron desde unha perspectiva literaria, atendendo á análise dos recursos formais cos que se representa unha violencia ficticia, e, cando se fixeron, estes estudos centráronse sobre todo na literatura da segunda metade do século XX e do século XXI.

De aí que no noso proxecto *Género, violencia y representación. Los textos de creación en la prensa femenina peninsular (1848-1918)*, REF.: PID2020-113138GB-100XXX nos propuxesemos trasladar a experiencia que obtiveramos nas nosas investigacións anteriores, que estudiaban desde un punto de vista literario a representación das violencias ligadas ao xénero en textos do século XXI, a unha investigación, máis arriscada, que nos permitise rastrear formas de representación desas violencias en textos publicados por mulleres na prensa feminina do século XIX. Centrámonos no período comprendido entre 1848 y 1918 porque na década dos 50 do século XIX prodúcese unha auténtica explosión de autoras, o chamado “canon isabelino” (Sánchez Llama, 2000; Blanco, 2001), que adquiren proxección pública a través dos seus escritos literarios e da súa participación na prensa periódica. Tamén é neste período, e aínda máis durante a Restauración, cando se incorporan en gran cantidade as firmas femininas e xorden as cabeceiras dirixidas por mulleres, que nalgún caso son tamén as súas propietarias.

Nestas publicacións encontramos un suxeito político con voz escindida, que en parte reproduce e transmite valores do *status quo*, neocatólico, patriarcal e respectuoso con ideoloxema do “anxo do fogar”, pero que o distorsiona coa súa propia práctica biográfica, xa que son mulleres con independencia económica e voz pública, e desenvolve estratexias para subvertilos, creando unha tensión que vai ecllosionar na prensa xa declaradamente

¹ Este monográfico é un resultado do proxecto «Género, violencia, representación. Los textos de creación en la prensa femenina peninsular» PID2020-113138GB-100, financiado por MICIN/AEI/10.13039/50110001103 e do GRC Creació i pensament de les dones (2021 SGR 01097), finanzado polo Departament de Recerca i Universitats de la Generalitat de Catalunya

feminista de fin de século. A representación destas violencias contra as mulleres e mesmo a figuración da muller criminal e violenta que se oculta nestes textos permítenos detectar os usos sociais que contribuíron á súa naturalización (Bourdieu chamáboo “deshistorización” en nome de un “inconsciente androcéntrico”, 2002: 8 y 17). A ocultación de certas prácticas violentas na arte baixo a aparencia de representacións mítico-simbólicas leva a una naturalización que as opacaba.

Creemos que nos textos de ficción escritos por mulleres e publicados na prensa feminina se encontran textos non canónicos que complementan e axudan á comprensión da representación literaria da violencia e móstrannos, sen denuncialas aínda claramente, ou só de xeito esporádico ata o fin de século, as violencias contra as mulleres: violencias directas, visibles e cometidas por suxeitos identificables, xunto a violencias “subxectivas” en terminoloxía de Žižek, pero, sobre todo, o amplo mar das violencias invisibles e dispersas (violencia institucional, violencia estrutural e violencia cultural) que constitúen lo que Žižek chama “violencia objetiva” (2008, 10 e 22) e fai que aínda no século XX, cando a unha muller se le preguntaba “¿o seu marido pégalle?” a resposta fose “O meu marido pégame o normal”, como reflexou Miguel Lorente (2009) nun libro que fixo historia.

A prensa feminina ofrece un espazo de representación privilexiado para este estudo polo seu obxectivo declarado de proporcionar lectura instrutiva e influír sobre un público de mulleres. Ambos fins ían dirixidos, e este é un dato fundamental, a un público feminino con capacidade adquisitiva suficiente como para acceder ás subscricións, é dicir ás diversas capas da nacente clase media decimonónica, un grupo social de prestixio que ten a posibilidade de exercer un papel de modelo para o resto da sociedade. Nestes textos esquecidos, ás veces de difícil acceso, atópanse moitas representacións das prácticas sociais, do *habitus* da España isabelina e da Restauración, uns costumes tan naturalizados que nin as propias autoras nin as súas lectoras podían sentir como violencias de xénero senón como situacións desgraciadas que acompañaban o destino biolóxico da feminidade. Pensemos, por exemplo, na dobre vara de medir sobre o adulterio, que levaba ás adúlteras, nunha obvia mostra de violencia cultural e institucional, ao cárcere ou ao convento de “recollidas”, mentres o home gañaba unha palmadiña na costas cos amigos do casino. Unha dobre moral que impregna a época e que Schopenhauer explica cunha peculiar lóxica moi estendida:

“Primero hay que notar que el hombre se inclina por su naturaleza a la inconstancia en el amor; la mujer a la constancia. El amor del hombre disminuye notablemente desde el instante en que ha conseguido la satisfacción de su deseo: (...) El amor de la mujer, al contrario, empieza a crecer desde ese mismo momento... por consiguiente, la fidelidad conyugal es algo artificial en el hombre, natural en la mujer. Así, el adulterio en la mujer es mucho más imperdonable que en el hombre, tanto objetiva -a causa de las posibles consecuencias- como subjetivamente, porque va en contra de su naturaleza.” (Schopenhauer 1989: 57-58)

Pero tamén vemos a violencia económica que representaba que a muller casada non tivese bens propios nin puidese dispoñer de un céntimo que non fose obtido a través de formas infantilizadoras e humillantes, algo que está na base do drama da Nora Helmer de

lbsen, como o control no orzamento doméstico, ou a violencia cultural que supón negarlle a unha persoa o dereito á educación e ao coñecemento.

Por iso no noso traballo adquire especial relevancia detectar os silenciamentos e as tensións ante realidades incómodas e irrepresentables como pode ser a violencia directa no espazo doméstico ou laboral, os abusos ou as violacións, moitas veces vinculados a un ámbito laboral excluído da representación burguesa, ou que convive, como situado noutra dimensión, nos fogares burgueses, como é o caso do servizo doméstico feminino. Violencias que tiñan consecuencias terribles: despidos improcedentes, explotación laboral, abortos e infanticidios, enfermidades venéreas, así como a patoloxización das insumisas e o seu internamento forzoso en “clínicas de repouso”. Por outra parte, estes textos preséntannos formas de resistencia como as polémicas en torno ao acceso á educación, o matrimonio, a sedución e os desordes sentimentais, a prostitución, etc.

Este tipo de análise sitúase no ámbito dos estudos de representación da muller na ficción do século XIX e Fin de Século. O noso enfoque non ten como prioridade o estudo da prensa española da segunda metade do século XIX, nin sequera rescatar a obra de autoras concretas, senón que se dirixe a estudar como, nos textos de creación aí publicados, se reforzan os argumentos reivindicativos ou se transmiten mensaxes conciliadoras con función reguladora respecto ao potencial reivindicativo das mulleres con voz propia. Interésanos especialmente detectar os procesos que desencadean comportamentos violentos contra as mulleres, limitando a súa liberdade de acción, o seu recoñecemento social, a súa capacidade de desenvolvemento intelectual e profesional ou a súa integridade física, pero tamén a violencia das propias mulleres contra elas mesmas e o seu contorno: a fuxida a través da loucura e o suicidio, a sublimación do sometemento na figura da muller mártir, ou a obediencia ata a enfermidade e a morte (a “trampa do sacrificio” en termos de Boulding ou a “mística da feminidade” de Friedan) e rexistrar as marcas do sufrimento da muller virxinal e da prostituta, da atrapada polo matrimonio e a maternidade non desexados, da silenciada e a asasina, a perversa e a presa, a burguesa violentada polas convencións e a muller do pobo violentada pola miseria. Consideramos especialmente útil para esta análise a aportación teórica de Rita Segato co seu estudo das estruturas profundas da violencia y de Evan Stark no estudo dos mecanismos do control coercitivo e dos estudos sobre a violencia das estruturas profundas que dominan o comportamento desde la propia psique, porque as ferramentas teóricas e conceptuais do presente poden e deben axudarnos a estudar o pasado sen caer nun presentismo que anule a perspectiva histórica.

Os textos de Emilia Pardo Bazán son especialmente ricos en representacións de violencias contra a muller, se ben a peculiaridade desta autora nos desvía das características específicas do corpus rexistrado na prensa feminina da época, porque precisamente as súas publicacións en prensa caracterízanse por escoller a prensa cultural xeneral (*La Revista Ibérica*, *La Ilustración Artística*, *La España Moderna*...) e non a prensa feminina. Por outra parte, tanto as súas obras de ficción como as crónicas, as polémicas ou as prosas máis doutriniais son exemplos case únicos no tratamento explícito do tema da violencia contra as mulleres e a insistente denuncia da naturalización e impunidade deses comportamentos. Neste senso, a autora establece por principio algunhas premisas moi interesantes, pois

implicitamente estase negando a circunscribir esta cuestión aos intereses do público feminino, xa que escolle para presentala os medios dirixidos a todos os públicos, de tal xeito que debe ser considerado un problema da incumbencia de toda a sociedade no seu conxunto. Emilia Pardo Bazán escolle claramente o tema da denuncia da violencia contra as mulleres como una causa persoal que aborda reiteradamente e ademais escolle ao seu público en busca duns obxectivos que se corresponden coas reivindicacións da primeira ola do feminismo en canto á igualdade de dereitos e ante o tratamento da xustiza, de modo que é imprescindible que a súa mensaxe chegue a quen ten o poder de legislar. Os seis textos que compoñen este monográfico achegan datos para a comprensión e a análise dunhas violencias reais que nos textos de Pardo Bazán se transfiguran en representación literaria.

A denuncia da violencia institucional que revitimiza ás mulleres é analizada por Montserrat Amores no seu estudo sobre un dos primeiros contos de Pardo Bazán, “El indulto” (1883), publicado como parte dunha serie de intervencións públicas da autora no debate arredor desta medida de gracia, criticando a abundancia e arbitrariedade con que se aplicaba. Relaciónase o texto coa actualidade dos indultos xerais concedidos con motivo da voda e a paternidade de Alfonso XII en 1879 e 1880, e coa argumentación xurídica que expoñen na prensa naqueles anos algúns xuristas como Pedro Armengol e Concepción Arenal, ou despois da publicación do conto Emilio Bravo e outros. Demóstrase o interese da escritora por cuestións xurídicas, utilizando a ficción para presentar un exemplo práctico do problema social que xera a medida de gracia, en relación coa denuncia da violencia de xénero e a dramática desprotección das vítimas. A través deste conto a autora intervéen na esfera pública sobre una cuestión polémica, que aborda simultaneamente desde outros rexistros, como artigos ou prólogos. O relato vincúlase coa defensa do naturalismo en *La cuestión palpitante* (1883) e os matices que lle apón ao determinismo de Zola coa súa defensa del libre albedrío.

Seguindo os escritos sobre a defensa de dereitos da muller na prensa, Marisa Sotelo céntrase nos publicados en *La Ilustración Artística* de Barcelona, onde a escritora colaborou desde 1995. Sinala tamén a conexión dos artigos en prensa con outros escritos, como relatorios en congresos, obras de ficción e entrevistas, e destaca a insistente reclamación de igualdade no dereito ao traballo e ao desenvolvemento persoal das mulleres como individuos autónomos e non só relacionais. Nos artigos dedicados a este tema a autora denuncia a violencia cultural que se impón a través dos costumes e a mentalidade tradicional, e sinala os seus efectos negativos para o país, non só como causa da opresión das mulleres, senón tamén dun atraso económico que considera consecuencia directa dos límites que a elas se lles impoñen no desenvolvemento das súas capacidades.

Analizando as colaboracións nesa mesma revista, Enric Bou céntrase na cuestión colonial partindo da identificación simbólica da acción del Estado cos roles de xénero nos artigos de Pardo Bazán, en tanto en canto se propugna como Estado ideal o que se identifica como un fogar para os seus cidadáns. Sendo o rol asignado á muller soste a harmonía do fogar, o fracaso do estado colonial analízase como o fracaso de un poder estatal que non acerta a aplicar á comunidade os principios do coidado e o afecto que debe procurar una

patria se aspira a ser considerada como nai. Por outra parte as malas decisións políticas redundan nunha violencia simbólica que se manifesta nas consecuencias da guerra, pois conduce a poboación masculina á morte ou a emigración e, en consecuencia, condena ás mulleres, non só a un sufrimento continuo pola perda de familiares, senón tamén á miseria e á escravitude dos traballos máis duros para soste á familia. E aínda máis, denuncia a violencia real da guerra tamén sinalando os horrores de maltrato e humillacións que sofren as mulleres cando son apresadas polos inimigos.

A análise teórica, desde a perspectiva xurídica ou sociolóxica, confírmase constantemente na realidade a través de casos escandalosos que Pardo Bazán no dubida en denunciar, como vimos no relato “El indulto”. No caso do pintor Juan Luna Novicio, que analiza o estudo de Rebeca Martín, resultou especialmente indignante a campaña de apoio de boa parte da intelectualidade española na prensa pedindo o perdón para un asasino que matara a súa muller e a nai desta. Martín demostra a clara toma de posición da escritora nos seus artigos de prensa pedindo, de novo, que a xustiza actúe condenando ao culpable, na súa decidida campaña en favor do castigo máis severo para esa modalidade criminal que ela denomina “mujericidios”, rexeitando a común consideración de crime pasional. No artigo esfiñáanse os pormenores do caso, comentadísimos na prensa da época, para facer máis patente a claridade do criterio da escritora fronte á opinión xeral predispuesta a dar creto á versión do asasino con base na súa laboriosidade, simpatía e talento. Pese a asumir tamén Pardo Bazán esa versión que sinalaba a asasinada como adúltera, ignorando os datos do xuízo que demostraban que el era un maltratador e ciumento patolóxico, dona Emilia é a única nota discordante ao pedir castigo para un crime probado con independencia doutras consideracións e denunciar a tendencia xeral a xustificar o asasinato de mulleres.

As preocupacións de Dona Emilia coa situación da muller en relación coa xestión da vida pública e a articulación xurídica do estado, nunha constante interrelación das reflexiónes sobre a nación e o xénero, analízanse tamén no artigo de Alex Alonso Nogueira sobre a novela curta *Bucólica* (1885). A formación do protagonista masculino como xurista e a análise da súa función social e as súas reflexións éticas sobre a responsabilidade moral e profesional para impartir xustiza crúzanse con seu comportamento persoal, onde os principios morais son rapidamente superados polos apetitos e enterrados polos prexuízos. O brutal cinismo dos vellos caciques que xustifican a violación como unha oportunidade de ascenso social para a vítima, escandaliza ao mozo reformista, pero o seu ideal igualitario pronto se derruba e el acaba por exercer un papel igual de penoso cando frustra sen piedade as expectativas que el mesmo xerara. Alonso Nogueira demostra que o comportamento na vida privada se proxecta cara ao público anunciando as causas da corrupción e a ineficacia.

Por último Donatella Siviero analiza a violencia institucional que padeceu a propia escritora arredor da la cuestión da Academia e a reacción de Pardo Bazán en dous artigos publicados en 1889 en *La España Moderna* baixo a forma de epístolas ficticias dirixidas a Gertrúdis Gómez de Avellaneda. Siviero analiza las peculiaridades comunicativas do xénero epistolar e pon estes textos en relación con ootros similares de Rosalía de Castro (“Las literatas” 1866), aa réplica de Clarín (“Cartas a un estudiante” e “Las literatas”, 1879),

a carta aberta de Rafael de Altamira a favor da escritora ou as moi posteriores “*Cartas finlandesas*” (1896 y 1898) de Ángel Ganivet insistindo na crítica á muller intelectual. O seguimento de todo o debate que pretende xustificar a exclusión das mulleres nas institucións a pesar dos seus méritos demostra a violencia psicolóxica que se exercía para impedir unhas aspiracións xustas ás que Emilia Pardo Bazán non estaba disposta a renunciar. De novo a xustiza como cuestión moral e a cuestión social da reclamación de dereitos xorden na obra e na vida da autora como unha loita decidida contra a violencia de xénero en todas as súas manifestacións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Blanco, Alda (2001), *Escritoras virtuosas. Narradoras de la domesticidad en la España isabelina*, Granada, Colección Feminæ, Universidad de Granada.

Boulding, Keneth (1976). *La economía del amor y el temor: una introducción a la economía de las donaciones*. Madrid: Alianza editorial.

Bourdieu, Pierre (2002), *La domination masculine*, Paris, Éditions du Seuil.

Friedan, Betty (1965), *La mística de la feminidad*, Barcelona, Sagitario.

Lorente Acosta, Miguel (2009), *Mi marido me pega lo normal. Agresión a la mujer: realidades y mitos*, Madrid, Libro de Bolsillo.

Sánchez Llama, Íñigo (2000), *Galería de escritoras isabelinas. La prensa periódica entre 1833 y 1895*, Madrid, Cátedra.

Segato, Rita Laura (2003). *Las estructuras elementales de la violencia*. Bernal-Buenos Aires: Universidad Nacional de Quilmes.

Schopenhauer, Arthur (1989), *El amor, las mujeres y la muerte*, Madrid, Ed. Edaf.

Stark, Evan (2007). *Coercitive control. The entrapment of women in personal life*. Nueva York: Oxford University Press.

Žižek, Slavoj (2008), *Sobre la violencia. Seis reflexiones marginales*, Madrid, Austral.